

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

IES AS BIZOCAS

CURSO 2021-2022



7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A raíz da publicación da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, actualizamos os criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado. Neste sentido:

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.	
Cálculo da nota da terceira avaliación ordinaria	<p>-A nota desta terceira avaliación ordinaria obterase, ao igual que na 1ª e 2ª avaliación, sumando as notas que cada alumno/a obteña nas diferentes partes que compoñen a avaliación na materia:</p> <ul style="list-style-type: none">• Aspectos conceptuais (40%)• Aspectos procedimentais (40%)• Aspectos de carácter actitudinal (20%) <p>No caso de 4º ESO, as partes das que sairá a nota nesta terceira avaliación parcial, serán 60% dos aspectos procedimentais e o 40% dos aspectos actitudinais.</p>

	<p>-Aprobar esta terceira avaliación suporá aprobar a materia, no caso de que algún/ha alumno/a tivera algunha avaliación suspensa.</p> <p>-Suspender esta terceira avaliación suporá suspender a materia. A excepción ao anterior será que se a media aritmética das 3 avaliacións ordinarias chega ao 4,7, a materia darase por aprobada.</p>
<p>Recuperación da materia</p>	<p>-Non se farán recuperacións ao longo do curso. O alumnado que suspenda unha avaliación ordinaria deberá aprobar a seguinte, para dar a/s anterior/es por recuperada/s.</p> <p>-O alumnado que finalmente suspenda a materia, rematada a terceira avaliación ordinaria, poderá recuperala no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, realizando unha proba escrita global cos contidos das 3 avaliacións. O valor da proba será de 10 puntos, tendo o/a alumno/a que obter un mínimo de 5 para dar por recuperada a materia. Para o alumnado nesta situación, no período comprendido entre o final da terceira avaliación parcial e a data na que se realice a proba escrita global, deseñaranse actividades de reforzo e apoio que lles facilite acadar as aprendizaxes necesarias para poder aprobar a materia.</p>
<p>Cálculo da cualificación final</p>	<p>-Obterase por unha das seguintes vías, sempre atendendo ao que mais favoreza a cada alumno/a:</p>

➤ **Para o alumnado que xa teña a materia aprobada ao rematar a terceira avaliación ordinaria,** a nota final de xuño resultará:

A) A mesma que a nota da 3ª avaliación, se esta é maior que a nota media das 3 avaliacións ordinarias. No caso de non ser así, a nota final será a nota media das tres avaliacións ordinarias, ou,

B) A mesma nota que a obtida nunha proba escrita global cos contidos das tres avaliacións, que terá un valor de 10 puntos, A nota obtida nesta proba só se terá en conta como cualificación final se é maior que a nota obtida polos procedementos descritos no apartado A) anterior.

Este alumnado, no período abranguido entre o final da terceira avaliación parcial e a avaliación final, realizará actividades de consolidación das aprendizaxes do curso, podendo mellorar a súa cualificación final a través da:

- Realización dunha proba escrita global cos contidos das tres avaliacións (xa comentada).
- No caso do curso de 4º ESO, ademais da opción anterior, terán a posibilidade de realizar diferentes tarefas propostas pola profesora, a través das que este alumnado **poderá subir ata 1 punto** a súa nota media do curso (ou a súa nota da 3ª avaliación se esta é maior que a media aritmética das 3 avaliacións)

➤ **Para o alumnado que teña que recuperar a materia,** a cualificación final será a nota obtida na proba de recuperación (proba escrita global cos contidos das 3 avaliacións), redondeada ao alza a partir do decimal 7.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

Actualización do punto 5 da programación de Educación Física do curso 2021-2022.

A metodoloxía que empregaremos no período abranguido entre o remate da terceira avaliación parcial e a avaliación final, estará baseada en *tarefas definidas e semidefinidas*. En xeral, proporemos ao alumnado a *resolución de tarefas* que lle permitan reforzar, consolidar e tamén ampliar aprendizaxes, en función das distintas situacións nas que se atope o alumnado, xa descritas no apartado anterior.

No caso do alumnado coa materia suspensa, deseñaranse tarefas que lles faciliten a adquisición das aprendizaxes básicas necesarias para poder continuar con éxito no curso seguinte.

No caso do alumnado coa materia aprobada, as tarefas que se proporán terán un dobre obxectivo: á busca da interrelación de aprendizaxes e á aplicación práctica e significativa das mesmas.

Para o non recollido nesta actualización, atenderase ao xa disposto na programación da materia para o curso 2021-2022.